

Entroido 2019

CONCURSO DE CARROZAS E COMPARSAS

1. OBXECTO

O Concello de A Pobra de Trives convoca, como cada entroido, o **“Concurso de Carrozas e Comparsas”**.

Ten como obxectivo incentivar e animar á veciñanza a participar do entroido e descubrir o seu talento, imaxinación e orixinalidade, promocionando tamén deste xeito o entroido en Trives.

2. DEREITO A PARTICIPAR

- Poderán participar no Concurso todas as persoas interesadas.
- As comparsas que participen serán dun mínimo de 6 persoas

3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- I. O prazo de inscrición remata o luns, día 4 de marzo do 2019 ás 12h.
- II. As inscricións serán gratuítas e realizaránse na Oficina de Turismo, no seu horario habitual, no teléfono 988 33 09 67, ou no teléfono 670 47 15 20 (Belén)
- III. Na inscrición debe constar o nome da carroza ou comparsa e o número de membros que forman a mesma.
- IV. Cada carroza e comparsa deben ter un representante e dar o seu nome, apelidos, DNI e número de teléfono no momento da inscrición. Este debe ser maior de idade e sen disfrazar.

4. SELECCIÓN DA CARROZA OU COMPARSA GANADORA

A - Xurado:

Estará formado por unha persoa designada polo Concello e un representante maior de idade, e sen disfrazar de cada unha das comparsas ou carrozas que se inscriban.

B - Selección Finalistas:

Toda decisión do xurado será tomadas nunha única votación por maioría de votos en base, entre outros, a criterios de estética, orixinalidade, simpatía, elaboración e o conxunto da comparsa en xeral.

Os representantes de cada comparsa ou carroza na hora da votación non poderán votarse a sí mesmos.

O xurado poderá establecer algún outro premio ese mesmo día se o considera oportuno.

Toda decisión do xurado será irrevocable.

O xurado resérvase o dereito de non admitir no Concurso aquelas carrozas ou comparsas que non reúnan a calidade ou condicións necesarias.

Publicarase o gañador do concurso na Páxina Web e nas Redes Sociais do Concello.

As persoas premiadas están obrigadas a facilitar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, DNI, dirección e teléfono de contacto.

5. PREMIO:

1º Premio: 300€

2º Premio: 200 €

3º Premio: 100 €

Accesit: 50 €

6. ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes aceptan expresamente cumprir as BASES do presente CERTAME.

O incumprimento dalgunha das BASES dará lugar á exclusión do participante do presente CERTAME.